

# EDUCAR EN VERDE

## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS

POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Daniel Musitu-Ferrer,  
Celeste León-Moreno



### EL AULA NATURA EN LOS CENTROS EDUCATIVOS: EL PROGRAMA EDUCAM.

Octaedro, 2023.

Este libro propón un conxunto de actividades autodidácticas que constitúen unha maneira moi efectiva de sensibilizar ao alumnado no coidado e respecto polo medioambiente a través da empatía, a conectividade e as actitudes. Busca que os mozos/as recuperen o contacto coa natureza para potenciar o seu benestar.

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

### CAMBIO CLIMÁTICO Y ECOANSIEDAD: DE LA PREOCUPACIÓN A LA ACCIÓN. Oberon, 2024.

Explora de maneira clara e comprensible a crise climática e as emocións incómodas asociadas a ela para axudarnos a entendelas e a enfrontalas. Desde estratexias persoais ata accións globais, a autora suxire respostas prácticas e convída a cada cal a asumir a súa propia responsabilidade e a participar na construción do futuro. Inclúe un capítulo adicado ao papel da educación, tanto na escola como no instituto, sen esquecer o persoal docente, que tamén sinte ecoansiedade, ou o papel da sociedade educadora.



Teresa Franquesa Codinach

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)



José M. Gutiérrez,  
José I. de Guzmán  
(coords.)



### Educación ecosocial a la luz de los siete saberes de Edgar Morin, 2024.

Con este traballo, os autores pretenden contribuír a establecer un diálogo entre os sete saberes propostos por Edgar Morin para a educación do futuro ou xa do presente, e o enfoque dunha educación ecosocial necesaria para transitar cara a unhas novas sociedades, cara a un novo modelo de relación entre as persoas e a contorna natural, entre seres humanos e biosfera.

Descárgao en




<https://acortar.link/sPFmS4>

### POLINIZADORES, ALIADOS IMPRESCINDIBLES PARA NUESTRA VIDA. Generalitat Valenciana, Centre d'Educació Ambiental de la Comunitat Valenciana, 2024.

Desde o CEACV desenvolven este novo material didáctico para introducir e traballar no ensino de diversos contidos sobre polinizadores. Recollen diversos aspectos sobre as funcións, problemáticas, beneficios e grupos destes organismos. Ademais hai un importante contido dedicado ás abellas e o mel, cun glosario e actividades didácticas.



Centro  
d'Educació  
Ambiental  
Comunitat  
Valenciana



Descárgao en



<https://acortar.link/UdRU6r>



Rosario  
Toril,  
Raquel  
Amaya  
(coords.)



### VERDE QUE TE LEO VERDE. GUÍA DE LITERATURA INFANTIL, MEDIO AMBIENTE Y ODS. CENEAM, Organismo Autónomo Parques Nacionales, 2024.

Guía recopilatoria elaborada polas bibliotecas verdes da Rede de Centros de Información e Documentación Ambiental (RECIDA) do estado español, á que pertence a biblioteca do CEIDA. Está deseñada para ofrecer literatura de natureza e medio ambiente ao público infantil, familias, comunidade educativa e calquera persoa interesada nesta temática. Cultivando o amor pola lectura desde idade temperá, e inculcando valores de respecto e coidado cara ao noso medioambiente.

Descárgao en



<https://acortar.link/i0Aeok>

### CUADERNO DEL GORRIÓN COMÚN. Consejería de Agricultura, Ganadería, Pesca y Desarrollo Sostenible. Junta de Andalucía, 2021.

Co este recurso preténdese impulsar a sensibilización ecolóxica e a transmisión de actitudes de respecto, coidado e goce das aves e os seus hábitats. Ofrécese ás persoas interesadas (profesionais do ensino, voluntarios ou afeccionados) unha serie de ferramentas útiles para desenvolver os seus traballos didácticos.



Rafa  
Benjumea,  
Atlántica

Descárgao en



<https://acortar.link/veoopL>





Dirección  
General de  
Tráfico



## GUÍAS STARS. A CLASE EN BICI O ANDANDO. Ministerio del Interior, DGT, 2022.

O proxecto STARS está orientado a xerar un cambio nas pautas de mobilidade do alumnado, co obxectivo de perseguir un cambio modal nos hábitos de desprazamento dos máis pequenos e dos xoves nos traxectos diarios ao centro educativo. Pon á disposición de todas as persoas interesadas unha serie de manuais para cidades, centros escolares, profesorado e asesores que queiran fomentar a mobilidade activa na escola.


Descárgao en



<https://stars.dgt.es/recursos/>

## ÁRBOLES. Maeva Young, 2020.

Con este libro descubrirán os segredos que pode gardar un bosque. Nunca volverán a mirar unha árbore cos mesmos ollos. Hai tantas árbores diferentes! Averiguarán datos como: cantos tipos hai no noso planeta, por que son tan importantes para o resto das especies, como construír unha casa na súa copa, que idade ten a árbore máis vella do mundo ou cal é a semente máis grande que existe.



Piotr  
Socha,  
Wojciech  
Grajkowski

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Dumbría, Porriño, Xermade, Pontevedra](#)

Bibliotecas Universitarias: [Vigo](#)



Celtia Figueiras,  
José Breijo



**O LIBRO DA TOUPICIENCIA.** Guindastre Edicións , 2022.

Os protagonistas deste libro, a toupiña e o seu axudante Protonio buscan persoal científico para o futuro e andan a exploralo todo para atopalo, facendo divertidos e dinámicos experimentos que utilizan o método científico, promoven a curiosidade e amosan o importante que é facermonos preguntas para aprender e avanzar....

Dispoñible en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[A Coruña,Carnota,Narón,Oroso](#)

Descargable: <https://guindastre.gal/o-libro-da-toupiencia/>

**NÓS ESTAMOS AQUÍ : APUNTAMENTOS PARA VIVIRMOS NO PLANETA TERRA.** Patas de Peixe , 2022.

Neste libro, o autor cóntalle ao seu fillo de dous meses como é o lugar onde vivimos , un mundo as veces desconcertante , máis aínda cando acabas de chegar a el . Esta guía que comeza no espacio, pasando polo planeta, as persoas, o clima... fai un fermoso percorrido que nos fará entender como é o mundo onde vivimos e a importancia de coidar del.



Oliver Jeffers

En préstamo en



Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:[Cangas,O Grove, Foz, Sober,Vigo](#)



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



DOMINGO  
QUIROGA  
CENTRO DE  
DOCUMENTACIÓN



Deputación  
DA CORUÑA



para unha  
TRANSICIÓN ECOLÓXICA



# BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS  
PARA TODA A  
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS  
DIRIXIDOS A  
CENTROS  
EDUCATIVOS

+INFO

<https://bit.ly/2mPg90v>